



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DE 29/06/2009 ACTA Nº 6

ASISTENTES:

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE
D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG
D. Xosé Manuel Ledo Fernández, grupo PSOE
D^a M^a Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE
D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG
D^a. Olga Otero Gómez, grupo BNG
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP
D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP
D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.
D^a. M^a Cándida Carneiro Blanco, grupo PP
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP
D^a M^a Isabel Carbón Seijas, grupo PP

Ausentes:

D. Hector Ledo Rodríguez, grupo PSOE, que xustificou a súa ausencia.

SECRETARIO:

D. Rafael del Barrio Berbel.

INTERVENTORA:

D^a Mónica Legaspi Díaz

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as vinte horas do día vinte e nove de xuño de dous mil nove, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores/as concelleiros/as que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o Secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 30/04/2009.

Polo Sr. alcalde dase a coñecer a acta da sesión anterior pendente de aprobación correspondente a sesión ordinaria de data 30/04/2009. O non haber observacións enténdense aprobada por unanimidade.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

2º.- TOMA DE POSESION CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP.

Tendo en conta que no pleno ordinario de data 30/04/2009 tomouse razón da renuncia ao cargo do Concelleiro do Grupo PP de D^a. M^a Susana López Abella, solicitándose á Xunta Electoral Central a credencial acreditativa da condición de electo do candidato seguinte na lista presentada polo PP nas últimas eleccións locais de 27/05/2007.

Tendo en conta que consta no expediente a credencial expedida pola Xunta Electoral Central e a declaración de bens, actividades e posibles causas de incompatibilidade de D^a. M^a Isabel Carbón Seijas, debidamente inscritas no Rexistro de intereses da Corporación, dando cumprimento aos artigos 75 da LBRL e 182 da LOREG.

De acordo co disposto no RD 707/79, que regula as fórmulas para a toma de posesión dos cargos ou funcións públicas, procede efectuar xuramento ou promesa persoal do cargo:

“Eu, D^a D^a M^a Isabel Carbón Seijas xuro cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Concluído o xuramento o Sr. Alcalde dá a benvinda á concelleira quedando posesionada do seu cargo, adquirindo para todos os efectos a condición de concelleira deste Concello.

3º.- COMUNICACIONES OFICIAIS

3.1.- DAR CONTA DO DECRETO DE DATA 5/05/2009 DE MODIFICACION DO DECRETO DE ALCALDIA DE DATA 29/08/2007 DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, DELEGACIÓNS DE ALCALDÍA E NOMEAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Polo Sr. Secretario dase conta do Decreto de data 5/05/2009 de modificación do decreto de alcaldía de data 29/08/2007 de nomeamentos de tenentes de alcalde, delegacións de alcaldía e nomeamento da Xunta de Goberno Local:

“D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Resultando que na sesión plenaria do día 26/03/2009 tomouse razón das renuncias dos concelleiros do grupo PSDG-PSOE D. Roberto Iglesias Delgado e D^a Araceli Río Bimbiela; e na sesión plenaria do día 30/04/2009 tomaron posesión dos seus cargos os concelleiros D. Xosé Ledo Fernández e D. Hector Ledo Rodríguez.

Visto o Decreto de Alcaldía de data 29/08/2007 sobre nomeamentos de Tenentes de Alcalde, delegacións de Alcaldía e nomeamento da Xunta de Goberno Local.

Teniendo en conta o acordo de goberno de coalición PSOE-BNG para o período 2007-2011, asinado en data 7/08/2007.

Considerando o disposto no artigo 21 23 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal a aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- *Modificar os puntos terceiro e cuarto do Decreto de Alcaldía de data 29/08/2009 sobre nomeamentos de Tenentes de Alcalde, delegacións de Alcaldía e nomeamento da Xunta de Goberno Local, que quedan redactados da seguinte forma:*

*“TERCEIRO.- Outorgar as delegacións especiais que se sinalan aos seguintes concelleiros:
A D. Xosé Ledo Fernández:*



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Facenda e réxime Interior

Obras e servizos

Festas e eventos

A D. Hector Ledo Rodríguez:

Medio Ambiente

Participación cidadá

Tráfico e seguridade

A D^a M^a Amadora Gómez Álvarez:

Educación

Cultura

A D. Xesús Mazaira Varela:

Industria, Comercio e novas Tecnoloxías.

Desenvolvemento

Vivenda e Solo.

A D^a Olga Otero Vázquez:

Medio Rural.

A delegación especial comprende dirección interna e xestión do servizo ou áreas que se delega, pero sen capacidade resolutiva mediante actos administrativos que afectan a terceiros.

CUARTO - A Xunta de Goberno Local, presidida por esta Alcaldía, estará integrada por catro concelleiros, número de concelleiros non superior ao terzo do número legal dos que integran a Corporación:

D. Xosé Ledo Fernández, do grupo PSOE:

D. Hector Ledo Rodríguez, do grupo PSOE.

D. Ildefonso Piñeiro Díaz, do grupo BNG.

D. Xesús Mazaira Varela, do grupo BNG.”

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos interesados, publicalo no Boletín Oficial da Provincia, e dar conta na próxima sesión plenaria, todo iso sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da presente resolución.

3.2.- DAR CONTA DA DESIGNACION DOS CONCELEIROS DESIGNADOS POLO GRUPO MUNICIPAL PSDG-PSOE NAS COMISIONES INFORMATIVAS E ORGANOS COLEXIADOS DO CONCELLO.

Dase a coñecer o escrito presentado polo grupo municipal PSDG-PSOE en relación coa designación dos concelleiros D. Xosé Manuel Ledo Fernández e D. Hector Ledo Rodríguez nas distintas comisións informativas permanentes e nos consellos escolares do concello no seguinte sentido:

Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda, Réxime interior, e Especial de Contas:

- Titular: Xosé Manuel Ledo Fernández
- Suplente: Hector Ledo Rodríguez

Comisión Informativa Permanente de servizos en xeral, servizos sociais, igualdade e muller:

- Titular: Hector Ledo Rodríguez
- Suplente: Xosé Manuel Ledo Fernández

Comisión Informativa Permanente de urbanismo, medio ambiente, patrimonio e medio rural

- Titular: Xosé Manuel Ledo Fernández
- Suplente: Hector Ledo Rodríguez



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Comisión Informativa Permanente de cultura, educación, xuventude e deportes.

- Titular: Hector Ledo Rodríguez
- Suplente: Xosé Manuel Ledo Fernández

Representante no Consello Escolar do I.E.S "Lama das Quendas": D. Hector Ledo Rodríguez
Representante no Consello Escolar do C.E.I.P. "Eloísa Rivadulla", D. Xosé Manuel Ledo Fernández

3.3. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2008.

Polo Sr. Secretario dase conta do Decreto de data 27/02/2009 sobre a aprobación da liquidación o orzamento do ano 2008:

"Visto el expediente de Liquidación del Presupuesto de 2008 debidamente informado por la Intervención en cumplimiento de lo dispuesto en el número 3, del artículo 191-3, de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, reguladora de las Haciendas Locales.

De conformidad con lo dispuesto en el citado artículo 191, HE RESUELTO:

1º. Aprobar la liquidación del Presupuesto de 2008.

I. RESULTADO PRESUPUESTARIO

| | | | | IMPORTES | |
|-------------------|---|----------------|-------|--------------|-------------|
| 1. | Derechos | reconocidos | | 5.976.072'46 | |
| netos..... | | | | | |
| 2. | Obligaciones | reconocidas | | 6.215.204'47 | |
| netas..... | | | | | |
| 3. | Resultado | Presupuestario | (1-2) | | -239.132'01 |
| 4. | Desviaciones | positivas | de | | |
| financiación..... | | | | | |
| 5. | Desviaciones | negativas | de | | |
| financiación..... | | | | | |
| 6. | Gastos financiados con remanente de líquido de Tesorería... | | | | |
| 7. | Resultado presupuestario ajustado (3-4+5+6+7)..... | | | | -239.132'01 |

II. REMANENTE DE TESORERIA

| | | | | IMPORTES | |
|----------------------|--|--------------|--------------|--------------|--------------|
| 1. (+) | Deudores pendientes de cobro en fin de ejercicio..... | | | | 1.167.222'27 |
| | De Presupuesto | de ingresos. | Presupuesto | 157.867'08 | |
| Corriente..... | | | | | |
| | De Presupuesto | de ingresos. | Presupuestos | 1.009.064'86 | |
| Cerrados..... | | | | | |
| | De Otras | operaciones | no | 290,33 | |
| Presupuestarias..... | | | | | |
| | Menos=Saldos de | | dudoso | | |
| cobro..... | | | | | |
| | Menos=Ingresos realizados pdtes. de aplicación definitiva.. | | | | |
| 2. (-) | Acreedores pendiente de pago en fin de ejercicio..... | | | | 3.664.390'37 |
| | De Presupuesto | de Gastos. | Presupuesto | 1.923.747'25 | |
| Corriente..... | | | | | |
| | De Presupuesto | de Gastos. | Presupuestos | 646.637'30 | |
| cerrados..... | | | | | |
| | De | Presupuesto | de | | |
| Ingresos..... | | | | | |
| | De | otras | operaciones | no | 1.094.005'82 |
| presupuestarias..... | | | | | |
| | Menos = Pagos realizados pdtes. de aplicación definitiva.... | | | | |



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

| | | |
|--|------------|---------------|
| 3. (+) Fondos Líquidos en la Tesorería en fin del ejercicio..... | 974.271'00 | |
| 4. Remanente de Tesorería afectado a gastos con financiación afectada..... | | -1.522.897'10 |
| | | |
| 5. Remanente de Tesorería para gastos generales (1-2+3-4)..... | | |
| Remanente de Tesorería Total (1-2+3)/(4+5)..... | | -1.522.897'10 |

2.º De la liquidación del Presupuesto de 2008 se dará cuenta al Pleno en la primera sesión que se celebre.

3.º De la Liquidación del Presupuesto se remitirá copia a la Administración del Estado y a la Comunidad Autónoma, antes de finalizar el mes de junio de 2009.”

3.4. FELICITACIÓN DO PLENO DO CONCELLO AO EX CONCELLEIRO D. JAVIER LÓPEZ VIANA POLO INGRESO COMO ACADÉMICO NA “ACADEMIA DE CIENCIAS VETERINARIAS DE GALICIA”.

O Sr. Alcalde di que Javier non pode estar presente hoxe no Pleno, e en nome da Corporación felicítalle polo seu ingreso na “Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia”, e lle agradece que tomase posesión do cargo en Chantada, facendo extensiva a felicitación ao seu pai.

3.5. DESIGNACION VICEVOCEIRO DO GRUPO PP.

O Sr. Varela Rodríguez, portavoz do grupo PP, afirma que o seu grupo decidiu nomear a D. José Castor Novoa Fernández como vicevoceiro do grupo en substitución de Dª Mª Susana López Abella, o que presentará por escrito se é necesario.

4º.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN POR MUTUO ACUERDO DO CONTRATO DE PERMUTA APROBADO POR ACUERDO PLENARIO DO DÍA 6/03/2006, E ENAXENACIÓN DO INMUEBLE.

Resultando que por acordo plenario de data 6/03/2006 de “Segregación dun trozo de terreo da parcela B-1 do polígono industrial e comercial de Chantada e posterior permuta á empresa “Lagar de Galicia, S.L.” por outro terreo que dita empresa adquirirá no futuro”, se segregó da parcela B1 un anaco de terreo de 1.587,38 m2 e se permutó coa empresa “Lagar de Galicia, S.L.” a cambio dun inmovible futuro (no prazo de 5 anos) de iguais dimensións na ampliación do polígono industrial e un canon anual durante eses 5 anos de 2.650,61 (6% da valoración do terreo) pagadero de forma trimestral.

Habéndose procedido en data 18/12/2008 á inscrición rexistral da finca matriz (Parcela B-1) a nome do Concello de Chantada (Leira nº 33229, Tomo 779, Libro 271, Folio 110, Alta 1), procede agora continuar a tramitación do expediente.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/01/2009 continuouse a tramitación do expediente segundo o sinalado no acordo plenario de data 6/03/2006, facultando ao Sr. Alcalde para a formalización da citada permuta en escritura pública tal e como se establecía no citado acordo, e comunicando á empresa “Lagar de Galicia, S.L.” que debería



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

abonar antes da formalización o importe do canon correspondente aos anos 2006 (3 trimestres), 2007 e 2008, que ascende á cantidade de 7.289,18 euros.

Visto o recurso de reposición de presentado por D. Javier Pateiro Goyanes en representación da empresa "Lagar de Galicia, S.L." en data 17/02/2009, RE nº 575, en canto ao pago do canon previamente á formalización da permuta.

Visto o escrito presentado por D. Javier Pateiro Goyanes en representación da empresa "Lagar de Galicia, S.L." en data 27/03/2009, RE nº 1103, de 31/03/2009, no que propón a resolución do contrato de permuta sobre inmovible futuro que tiñan acordado, adquirindo desde agora a empresa a parcela segregada B1 de superficie de 1.587,38 m² sobre a que se construíu a nave industrial en que se desenvolve o negocio polo importe de 51.465,97 euros (valor da parcela mais valor da débeda do canon), desistindo do recurso presentado e de renunciando ao cumprimento dos demais compromisos accesorios do acordo plenario de 6/03/2006.

Visto o informe do Aparellador municipal de data 29/05/2009 en canto á valoración actual do ben.

Visto o informe xurídico desfavorable do Secretario Municipal de data 3/06/2009.

Visto o informe da Interventora Municipal de data 24/06/2009.

Vista a conveniencia aos intereses municipais de resolver devandito contrato na actualidade dado que o atraso na planificación prevista no seu momento para ampliación do polígono industrial pode provocar que ao transcurso do prazo de cinco anos fixado no acordo plenario non haxa dispoñibilidade de terreos no polígono industrial e non poder levar a cabo a contraprestación acordada no contrato de permuta, cos prexuízos que suporía para ambas as partes.

Atendendo aos argumentos expostos pola empresa "Lagar de Galicia, S.L." en canto á dificultade de acceso ao crédito dada a situación económica actual por non dispor de chan da súa propiedade ata que se cumpra a condición resolutoria da permuta, o que pode provocar que a empresa desapareza antes de chegar a adquirir os terreos na futura ampliación do polígono industrial; e dado que o contrato de permuta non se formalizou ata o momento tal e como se establecía no citado acordo plenario.

Considerando o establecido na Lei 30/92, de 26 de novembro; e no Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, vixente no momento da aprobación do contrato de permuta.

Considerando o establecido no Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por RD 1372/1986, de 13 de xuño, e na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo do día 25/06/2009.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Resolver por mutuo acordo o contrato de permuta aprobado en sesión plenaria de data 6/03/2006 de "Segregación dun trozo de terreo da parcela B-1 do polígono industrial e comercial de Chantada e posterior permuta á empresa "Lagar de Galicia, S.L." por outro terreo



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

que dita empresa adquirirá no futuro”, e renunciar ao cumprimento dos demais compromisos accesorios do acordo plenario de 6/03/2006, salvo o relativo ao abono do canon durante o tempo transcorrido por importe de 7.289,18 euros.

SEGUNDO.- Enajenar de forma directa á empresa “Lagar de de Galicia, S.L.”, actual ocupante da mesma, a parcela segregada da parcela B-1 de 1.587,38 m2 de superficie, polo importe de 48.510,33 euros, correspondentes á valoración técnica actual do inmovible.

TERCEIRO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para asinar e subscribir o documentos relacionados con este asunto, en especial a escritura pública correspondente.

CUARTO.- Comunicar o presenta acordo ao órgano da Comunidade Autónoma competente, en cumprimento do preceptuado no artigo 109 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

QUINTO.- Comunicar o presente acordo aos servizos municipais afectados e notificalo ao interesado para o seu coñecemento e aos efectos pertinentes, advertíndolle que todos os gastos do expediente, incluída a Escritura pública, serán pola súa conta.

5º.- EXPEDIENTE 1/2009 DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente do Concello de Chantada, no exercicio das facultades que me atribúe a lexislación vixente.

Vistos os seguintes documentos pertencentes a exercicios anteriores presentados pola Interventora Municipal para a súa aprobación polo Pleno da Corporación:

- Subvención Banda música de Chantada año 2008 polo importe de 1.190,90 euros.
- Factura nº 19 de 18/08/2007 do “Meson O Canton “ polo importe de 250,00 euros.

Visto o informe de Intervención de data 15/06/2009, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores é competencia do Pleno da Corporación, e que neste caso concreto é posible a súa realización.

Considerando o disposto nos artigos 163, 169.6, 173.5, 176 a 179 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e nos artigos 25.1, 26.1, 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda do día 25/06/2009.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento extrajudicial dos créditos seguintes correspondentes a exercicios anteriores:

- Subvención Banda música de Chantada año 2008 polo importe de 1.190,90 euros.
- Factura nº 19 de 18/08/2007 do “Meson O Canton “ polo importe de 250,00 euros.

SEGUNDO.- Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2007 prorrogado, os correspondentes créditos con cargo ás partidas orzamentarias correspondentes.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

6º.- APROBACIÓN DO ORGANIGRAMA DO CONCELLO DE CHANTADA, DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO, E DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNNS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DO CONCELLO DE CHANTADA.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas

Vista a proposta de alcaldía de data 18/06/2009 en materia de persoal sometida a negociación sindical na sesión do día 19/06/2009.

Visto o informe do Secretario Municipal de data 25/06/2009 ao amparo da facultade prevista no artigo 94.3 do RD 2568/1986, de 28 de novembro.

Considerando o disposto na Lei 7/85, de 2 de abril; na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; no capítulo III do título IV da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; e na Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical.

Considerando que conforme establece o artigos 22.2.i) da Lei 7/85 de 2 de Abril, corresponde ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple da relación de Postos de Traballo (RPT).

Dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda do día 25/06/2009.

O Concelleiro de Réxime Interior e Facenda presenta unha emenda a tenor do informe do Secretario Municipal de data 25/06/2009 en relación coa modificación da Relación de Postos de Traballo, e ó amparo do artigo 97.5 do R.O.F. para que sexa leída polo Sr. Secretario.

O Sr. Secretario procede á lectura da emenda na que se motivan e xustifican as modificacións realizadas, e se inclúe no expediente o cadro o manual de valoracións no que se especifica previamente a correspondencia obxectiva entre a puntuación por factores e subfactores e de acordo co mesmo as fichas de valoración segundo se especifica no artigo 4 do RD 861/1986, coa súa correspondente puntuación en cada factor ou subfactor dentro de cada posto de traballo e a puntuación total obtida; sinalándose que o texto desta emenda substitúe ao contido no dictame da Comisión Informativa baixo o epígrafe “modificación da relación de postos de traballo” quedando aquel anulado.

O Sr. Varela sinala que a modificación da RPT é moi parecida á da Deputación Provincial de Lugo, pero que estas non son formas de presentar unha emenda, que a aprobación dos orzamentos e da relación de postos de traballo do persoal de Chantada deberíase ter previsto antes de convocar as comisións informativas, para poder ter tempo suficiente de estudar ben estes expedientes tan importantes para o concello.

O Sr. Ledo Fernández recoñece que foi precipitado dada a prema que hai para aprobar os orzamentos, e a débeda que teñe este concello e a xente que está esperando para cobrar facturas. Respecto da relación de postos de traballo, sinala que se o informe de Secretaría

emitírase antes, hubieramos feito antes todo o expediente, e que a modificación da RPT era moi necesaria, axústase á legalidade e esta informada favorablemente pola Interventora municipal.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Sr. Varela sinala que se a aprobación do orzamento é urxente agora deberían ser tamén fai un ano, que se trouxo ao Pleno e retirouse, e que están traballando cos orzamentos que se elaboraron a finais do ano 2006 para o exercicio 2007, prorrogados no 2008 ata agora a mediados do 2009, e que unha vez aprobados estes orzamentos deberían de porse a traballar nos orzamentos do ano que vén, para poder ter uns orzamentos reais para o ano 2010.

Sometida a emenda a votación é aprobada por seis votos a favor correspondentes os membros dos grupos PSOE e BNG, e seis votos en contra correspondentes os membros do grupo PP, co voto de calidade do Sr. Alcalde na segunda votación.

O Pleno da Corporación, por seis votos a favor correspondentes os membros dos grupos PSOE e BNG, e seis votos en contra correspondentes os membros do grupo PP, e co voto de calidade do Sr. Alcalde na segunda votación, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o Organigrama xerarquizado do Concello de Chantada de acordo coa proposta de alcaldía de data 18/06/2009.

SEGUNDO.- Aprobar a Modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Chantada na que se reclasifican seis postos de traballo, de acordo coa proposta de alcaldía de data 18/06/2009 e a emenda do Concelleiro de Réximen Interior aprobada.

TERCEIRO.- Aprobar o “Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Chantada” proposto pola alcaldía en data 18/06/2009.

CUARTO.- Aprobar os indicadores do complemento de produtividade e gratificacións recollidos na proposta de alcaldía de data 18/06/2009 para o establecemento dun sistema de avaliación do desempeño.

QUINTO.- Expor ao público os presentes acordos aprobados inicialmente, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que durante o prazo de 30 días poidan presentarse alegacións o reclamacións contra os mesmos. Se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.”

7º.- APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL E PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE CHANTADA PARA O EXERCICIO 2009.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas

Resultando que de conformidade co establecido no artigo 41.16 e 61.13 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e artigo 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, o Sr. Alcalde-Presidente formou o orzamento xeral ordinario deste Concello para o exercicio 2.009.

Visto que obran no expediente cantos documentos e informes esixen os artigos 165, 166 e 168 TRLRHL, así como o artigo 8 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril; e o expediente

orzamentario formado polo Sr. Alcalde-Presidente cumpre o requisito de nivelación esixido polo artigo 165.4 TRLRHL.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Vista a proposta de alcaldía en materia de persoal sometida a negociación sindical na sesión do día 19/06/2009, e o incremento salarial rexistrado foi do 2 por cento como preceptúa a Lei de Orzamentos Xerais do Estado .

Considerando que conforme establecen os artigos 22.2.e) da Lei 7/85 de 2 de Abril, artigo 168.4 TRLRHL e artigo 50.11 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais, corresponde ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expediente do orzamento xeral ordinario para o ano 2.009.

Dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda do día 25/06/2009.

Aberto o debate, o Sr. Alcalde manifesta que son uns orzamentos realistas feitos polo equipo de goberno, que ascenden a nove millóns de euros, e que inclúen investimentos de distintas administracións públicas, como o importe do canon de 2009. Sinala que o investimento do concello é nulo, xa que só inclúense con fondos propios un par de obras, a finalización da pista de Moreiras por importe de 4.920 euros, e a achega do 25% ao Plan Provincial de Obras e Servizos; e que o resto son convenios xa asinados, como o do Plan E e con distintas consellerías e a Deputación provincial.

O Sr. Piñeiro sinala que a segunda descentralización económica nunca se realizou desde o Estado, polo que nos atopamos ante un endémico déficit municipal, xa que os concellos medianos prestan servizos de todo tipo como os grandes concellos, pero non teñen transferencias económicas suficientes para prestar estes servizos: servizos deportivos, piscinas, parques e xardíns, gardería, centro de día, abastos, policía local, etc. Afirmar que estes servizos chegan ao 87% mentres que os recursos cobren un 36%, o que supón unha situación difícil de xestionar, que fai que os orzamentos non poidan acoller investimentos reais de ningún tipo, o que leva ao goberno municipal a unha contención do gasto e redución de custos dos servizos sen desmerecer a calidade, como se fixo no centro de día e vaise a facer na escola infantil e nos servizos que dependan de nós, apostando pola eficiencia e pola calidade nos servizos públicos. En canto ao área de deportes, afirma que se vai fomentar un deporte municipal con espazos de lecer e saúde alternativos dirixidos a dinamizar a todo tipo de colectivos, cun orzamento de algo máis de 300.000 euros. En canto ao área de industria, sinala que se vai a facilitar o establecemento e implantación de industrias, dando prioridade ao polígono de "os Acivos" coa revitalización do mesmo. En canto ao medio rural, darase cabida ás necesidades do medio rural como sector primario e fundamental da nosa cultura e fundamento económico, coa realización de obras financiadas pola consellería de Medio Rural, e outras obras menores de interese social e utilidade pública con fondos propios. Conclúe afirmando que son uns orzamentos de sentido común, reais e equilibrados, que serven para facer unha política limpa, aberta e en colaboración coa sociedade; que pon en valor os nosos recursos e potencialidades e tratan de axudar a fixar poboación, crear emprego e actividade económica sostible.

O Sr. Varela sinala que os orzamentos chegan tardísimo, que se traballou cos orzamentos do ano 2007, que no ano 2008 houbo reunións coas centrais sindicais e trouxéronse ao Pleno para a súa aprobación e retiráronse sen explicar os motivos; e agora presentan unha modificación da RPT no propio Pleno, que aínda que sexa legal non debería de facerse así. En canto ao importe do orzamento de nove millóns de euros, matiza que é o maior importe da historia, pero que hai moitos ingresos finalistas, que son ingresos ficticios, xa que o diñeiro que entra doutras administracións para os investimentos do Plan E, a mellora da nacional 540 e do mercado de abastos é finalista e vai saír enseguida. En canto á segunda descentralización a

que se refire o Sr. Piñeiro, matiza que serían as dezasete comunidades autónomas quen terían que transferir fondos aos concellos para poder prestar todos eses servizos de forma adecuada, polo que habería que reclamar esas transferencias ás comunidades autónomas e non ao



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

gobierno central. Para rematar, conclúe afirmando que o seu grupo vai votar en contra destes orzamentos porque chegan como xa explicou moi tarde.

O Sr. Ledo Fernández sinala que os orzamentos de 2007 foron os últimos e a que prezo se aprobaron, porque a débeda e o gasto que carrexaron aínda segue, e a situación do concello sen liquidez e con facturas sen recoñecer continúa. Afirmo que estes orzamentos son reais e equilibrados, e que se os ingresos van entrar e saír rápido é porque alguén os trae, é porque o fixemos ben e buscamos ese financiamento. Afirmo tamen que os 2,5 millóns do canon non están incluídos no orzamento, polo que o investimento real de Chantada do ano 2009 cos ingresos do canon dos anos 2008 e 2009 chega a 11,5 millóns de euros, polo que temos que felicitarnos todos.

O Sr. Piñeiro sinala que non tiveron présa en facer estes orzamentos pola situación en que quedou o concello, que os servizos transferidos chegan ao 87% mentres que os recursos cobren un 36%, o que pode ser debido ao deixamento e falta de control noutras épocas nas que non se cobrou a débeda do canon, e non se liquidou o ICIO nin o IAE do parque eólico; e que se antes incluíanse no orzamento os investimentos doutras consellerías porque agora non se ían a incluír.

O Sr. Varela apunta que non todos os investimentos doutras administracións incluíanse nos orzamentos, e que as facturas do ano 2007 sen recoñecer non son todas do grupo PP, xa que desde o día 16 de xullo ata final de ano hai facturación, e no ano 2008 e 2009 tamén. Sinala tamén que o investimento do canon estivese quen estivese gobernando íase a realizar, e que o concello non estaba tan arruinado como se dicía, xa que a débeda de Concellos como o de Monterroso, Quiroga ou Lugo era maior á de Chantada.

O Sr. Ledo Fernández apunta que o ano 2007 as pistas estaban como estaban, e que había ameazas de transportistas de non empezar o transporte escolar por non poder transitar por elas, que se gastou todo e que tiveron que prestar os servizos básicos. En canto ao diñeiro do canon, afirma que non se cobrou porque o PP non o quixo pagar, e se se presionara ao presidente da Deputación naquel momento ese diñeiro podíase conseguir antes e haberse gastado.

O Sr. Varela matiza que calquera persoa física ou xurídica pode recorrer e esgotar a vía xurídica ata as últimas consecuencias, e que se pediron dúas peticións de execución de sentenza.

O Pleno da Corporación, por seis votos a favor correspondentes os membros dos grupos PSOE e BNG, e seis votos en contra correspondentes os membros do grupo PP, e co voto de calidade do Sr. Alcalde na segunda votación, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento xeral ordinario deste Concello para o ano 2.009 que consta dos seguintes documentos:

- a) Estado de Gastos orzamento 2009
- b) Estado de Ingresos orzamento 2009
- c) Memoria da Presidencia
- d) Plantilla de persoal funcionario e laboral fixo
- e) Bases de execución do orzamento e anexos
- f) Informe económico financeiro e anexos

- g) Anexo de investimentos do exercicio
- h) Informe da Intervención de Fondos



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

i) Liquidación do orzamento do ano 2.008

SEGUNDO.- Aprobar a plantilla de persoal funcionario e laboral fixo deste Concello para o ano 2.009, que se amplía en una praza de oficial da policía local (persoal funcionario) e dúas prazas de técnicos deportivos (persoal laboral fixo), co incremento retributivo legalmente establecido.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 21.6 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, as modificacións efectuadas sobre o orzamento prorrogado, consideraranse feitas sobre o orzamento definitivo, aumentando en consecuencia impórtelos dos créditos iniciais en cantidade igual á das modificacións realizadas.

CUARTO.- Expor ao público o orzamento aprobado inicialmente mediante anuncio no boletín Oficial da provincia, para que durante o prazo de 15 días os interesados poidan presentar reclamacións. O orzamento se considerará definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

8º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

No se presentaron

TRAMITE DE URXENCIA

En cumprimento do disposto no artigo 91.4 e 82.3 do ROF, a Presidencia preguntou os concelleiros se tiñan algún asunto para sometelo a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, que non tivera cabida no punto de rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde xustifica a urxencia da aprobación definitiva da “Modificación puntual do Plan Parcial SUP-2 para a conexión coa ampliación do polígono industrial Os Acivros de Chantada” na remisión no día de hoxe do informe preceptivo favorable do Director Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Sometida a votación a urxencia é aprobada por unanimidade.

Aprobación definitiva “Modificación puntual do Plan Parcial SUP-2 para a conexión coa ampliación do polígono industrial Os Acivros de Chantada”. Expte: 315/615/2008.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas, por motivos de urxencia ao amparo dos artigos 91.4 e 82.3 do RD 2568/1986.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno Local do día 26/09/2008 aprobouse provisionalmente o “Plan de Sectorización Industrial para a ampliación da Area Industrial Os Acivros de Chantada”, solicitándose o informe preceptivo da Consellería de Política Territorial.

Visto o informe preceptivo do Director Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do día 18/11/2008, no que considerase que para aprobar o Plan de Sectorización, o Concello debe, previamente, tramitar e aprobar unha modificación do plan parcial do polígono industrial aprobado o 16/06/1987, para adecuar a súa ordenación á prevista polo plan de sectorización.

Visto o proxecto da “Modificación puntual do Plan Parcial SUP-2 para a conexión coa

ampliación do polígono industrial Os Acivros de Chantada”, redactado pola “Sociedade Urbanística Provincial” (SUPLUSA).

Vista a Providencia de alcaldía do día 29/12/2008 de incoación de expediente para a



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

“Modificación puntual do Plan Parcial SUP-2 para a conexión coa ampliación do polígono industrial Os Acivros de Chantada”.

Visto o escrito de alcaldía do día 29/12/2008 de remisión do proxecto da “Modificación puntual do Plan Parcial SUP-2 para a conexión coa ampliación do polígono industrial Os Acivros de Chantada”, á Dirección Xeral de Avaliación e Calidade Ambiental os efectos de que se pronuncie sobre a necesidade de someter a modificación puntual ó procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica previsto no artigo 7 da Lei 9/2006, do 28 de abril.

Visto o informe xurídico do Secretario Municipal do día 14/01/2009.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno Local do día 15/01/2009 aprobouse inicialmente o proxecto de “Modificación puntual do Plan Parcial SUP-2 para a conexión coa ampliación do polígono industrial Os Acivros de Chantada”, someténdose o expediente a información pública.

Vistos os escritos de alcaldía do día 16/01/2009 de peticións de informes sectoriais, e os informes sectoriais emitidos ao respecto.

Visto o certificado do Secretario Municipal de data 27/02/2009 sobre a non presentación de alegacións durante o prazo de exposición pública do expediente.

Visto o informe técnico do Aparellador Municipal do día 16/04/2009.

Visto o informe xurídico do Secretario Municipal do día 16/04/2009.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/04/2009 aprobouse provisionalmente o expediente de “Modificación puntual do Plan Parcial SUP-2 para a conexión coa ampliación do polígono industrial Os Acivros de Chantada”, someténdolo a informe preceptivo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Visto o informe preceptivo favorable do Director Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do día 26/06/2009.

Considerando o disposto no artigo 86 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA); na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente; e na Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

Considerando a atribución concedida o Pleno no artigo 22.2 da Lei 7/85, do 2 de abril.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o expediente de “Modificación puntual do Plan Parcial SUP-2 para a conexión coa ampliación do polígono industrial Os Acivros de Chantada”, segundo o proxecto técnico redactado por “SUPLUSA”.

SEGUNDO.- Publicar, en cumprimento dos artigos 92 da LOUGA e 70.2 da LBRL, un anuncio da aprobación definitiva do plan no Diario Oficial de Galicia, e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo xunto co presente acordo e os documentos que conteñan a normativa e ordenanzas. O plan definitivamente aprobado non entrará en vigor ata que se publique e transcorra o prazo

previsto no artigo 65.2 da LBRL. No anuncio de aprobación definitiva farase constar a remisión da documentación á Consellería competente.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ós interesados no mesmo que presentaron alegacións e á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, xunto con dúas copias autenticadas do plan con todos os planos e documentos que o integran debidamente diligenciados.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

1. Sr. Varela: Subindo por Alferez Baanante e García Arias cara ao colexio Eloisa Rivadulla, as árbores da beirarrúa da marxe dereita teñen fosas xunto ao tronco, polo que habería que rellenalos con alcorques ou con area.
2. Sr. Varela: Hai una focha na nacional 540 que agora é do Concello, entre o centro de día e a residencia, en dirección Lugo-Orense, que habería que arranxalo.
3. Sr. Varela: Na rúa Taboada fixeron un arranxo na cima onde había bastantes fochas, e hai algo parecido na rúa Portomarín, nas contornas do semáforo, poderían facer algo como se fixo na rúa Taboada.
4. Sr. Varela: Na gardería e na escola infantil, poderíanse pór porteiros automáticos para non ter que saír á porta cada vez.

PREGUNTAS:

1.Sr. Varela: Cando nos van a chamar para dar unha volta ao Plan Xeral? Antes reuniámonos cos técnicos e o equipo redactor e coas asociacións de empresarios ou outras persoas que quixesen velo.

- Sr. Alcalde: O Plan Xeral recibíuse hai pouco, e exporase antes de traelo a Pleno, só que hai que facer unha modificación puntual antes na zona da praza de Galicia, e falta un informe de Medio Ambiente, e exporase entón a todos os veciños e colectivos.

2.Sr. Varela: Os veciños de San Fiz preguntan cando empeza a escola de Costoira que está no obradoiro deste ano?

- Sr. Alcalde: En breve.

3. Sr. Janeiro: Na rotonda da subestación habería que rozar a maleza desa zona, xa que é vergoñoso para quen chega a Chantada, fíxose na estrada de Lalín e aquí no centro urbano porqué non se fai?

-Sr. Alcalde: Debería facelo Fomento, a nós non nos corresponde, hai boa sintonía con Fomento e arranxaron o paseo de Merlan e outras obras que non lles correspondían, intentarase facer a xestión con Fomento.

E sendo as vinte e unha horas e quince minutos, e tendo cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 29 de xuño de 2009

O Alcalde

O Secretario

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel